

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

IX ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS

Onde o mar é un museo

Muros acolle, de xoves a domingo, unha nova edición destas xornadas, que se achegan á navegación dende distintas perspectivas.

Redacción - 16:45 09/07/2009

O cerne do [encontro](#) son as xornadas técnicas que terán lugar o 9 e o 10 na Casa da Cultura sobre *Ecomuseos e desenvolvemento sostible*, coa participación de expertos na materia de Cataluña, Francia, Croacia, Portugal, Andalucía, e tamén Galiza, por exemplo os proxectos das contrarías de Fisterra, Lira e O Pindo ou a intervención de Xerardo Triñanes ds Asociación Galega de Carpinteiros de Ribeira. As embarcacións navegarán de xoves a domingo de 11.00 a 14.00 polas mañás, e de 17.00 a 20.00 polas tardes. O xoves na abra murada; o venres pola mañá haberá unha regata a remo e a vela, e pola tarde os barcos dirixiranse á illa da Creba (Esteiro); o sábado o destino será Monte Louro, con varada en San Francisco.

O programa inclúe cinema, todos os días ás dez e media da noite, coa proxección de *Liste, pronunciado Lister*, de Margarita Ledo (xoves), *A Mariñeira*, de Antón Dobao (venres), *Os Crebinsky*, de Miguel de Lira e Quique Otero (sábado) e *De Profundis*, de Miguelanxo Prado (domingo). Tamén teatro, con representacións na rúa á noitiña na Pista da Axesta, a cargo de Quinquilláns, Pícompé e Viravolta e Pistacatro.

Unha das iniciativas máis interesantes chámase *Unha mensaxe ao mar*, e nela participarán, o domingo ás 11.30, un total de once escritores e once artistas plásticos vinculados ao territorio comprendido entre O Barbanza e Fisterra. Entre eles Antón Sobral, Maribel Longueira ou Soledad Penalta, entre os artistas visuais; e Alexandre Nerium, Ana Romani, Concha Blanco, Estevo Creus, Eva Veiga, Luís Rei Núñez, María Lado, Marilar Alexandre, Miro Villar, Modesto Fraga e Suso de Toro, entre os escritores.

Haberá tamén exposicións, unha recreación da descarga tradicional da sardiña e música. A partir do xoves haberá música todos os días no Curro da Praza; o primeiro día estarán Doommsday Clok, Trapos sucios, Som do Galpom; o venres será a quenda de Suso de Siornes (regueifeiro) Treixadura e Quempallou. E o sábado actuarán Trio Vaamonde, Lamas e Romero e Susana Seivane.

Encontro blogueiro

O evento inclúe un Encontro Blogueiro Aberto de Cultura Marítima e Fluvial, coa intención de fomentar o

mutuo coñecemento e o diálogo entre todas as persoas que administrando blogs (ou calquera outra ferramenta interactiva de comunicación), constrúen e amplían o espazo na rede da Cultura Marítima e Fluvial. O encontro celebrarase o Sábado 11 de Xullo ás 20 horas no Telecentro da Casa da Cultura de Muros, habilitada con conexión a Internet e un proxector que permita aos relatores apoiar as súas intervencións en imaxes obtidas dos ordenadores conectados á rede. A inscrición realizarase mediante correo electrónico a través de encontroblogueiro@culturamaritima.org.

[Consulta aquí o programa completo \(.pdf\)](#)

Novas relacionadas

- [O mar de Muros faralle sitio a unha nova cita co patrimonio marítimo do país](#)
- [Muros aquela o programa que en xullo remexerá na tradición mariñeira](#)
- [O patrimonio marítimo do país está vivo máis aló do folclore](#)